



## **RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR DO IES LAXEIRO (NOVEMBRO 2016)**

### **ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR**

De acordo coa Resolución do 24 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 4 de outubro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **cinco profesores/as, (catro máis vacante 2014)** dun total de sete que debe ter o Consello Escolar.
2. O censo electoral do profesorado está exposto no taboleiro de anuncios da sala de profesores do centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 10 de novembro ata as 12:00 horas do día 18 de novembro (haberá que solicitar a candidatura na secretaría do centro)
4. A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e o profesorado de maior e menor idade, actuando este último como secretario.
5. Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **4** da lista de candidatos/as
6. O voto será directo, secreto e non delegado
7. Para dar cumprimento ao artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convócase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **21 de novembro, ás 10:35 horas no Salón de Actos do IES Laxeiro.**
8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lalín, a 7 de novembro de 2016  
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

  
EUGENIO GRANDE SIERRA